



## CANDIDATURA AOS PREMIOS "MIL PRIMAVERAS" (CTNL)

### **Título do proxecto.- O GALEGO A MIÑA LINGUA PROPIA**

Consistiu unha actividade de tipo lúdico que foi acompañada dunha charla de carácter sociolingüístico orientada a favorecer a vivencia positiva do noso idioma propio, a estima e valorización individual e social deste e o combate aos tópicos e prexuizos que afectan á súa normalización social. A actividade impartírona persoas de recoñecido prestixio que destacan no mundo do deporte, da música, da literatura, das redes sociais, do cine, da moda, da pintura ou do teatro.

Persoas destinatarias: a mocidade. Centros de ensino da provincia da Coruña

#### Como **obxectivos xerais**:

- poñer en valor a lingua galega
- incrementar o uso e o prestixio do galego
- socializar en galego coa poboación máis nova
- combater os prexuizos do galego

#### Como **obxectivos específicos**:

- Persuadir a mocidade para que fale galego
- Reafirmar o uso da lingua naqueles mozos e mozas que usan a lingua galega só nalgúns contextos
- Crear demanda de falantes de galego
- Recordar que temos unha lingua que perde falantes
- Eliminar os prexuizos lingüísticos en todos os campos e promover a sensibilización idiomática
- Conseguir un cambio de actitude dos e das adolescentes fronte á lingua

**Año de inicio do proxecto.-** Sácase a concurso a licitación en 2017 pero a campaña desenvolveuse durante 2018 e 2019

**Empresa adjudicataria:** Urdime

#### **Planificación e xestión**

1º.- Elabóranse os pregos de prescrición técnicas para contratar a empresa encargada de levar a bo termo a campaña

2º.- A Deputación púxose en contacto cos SNL municipais para explicarlles a campaña e se lles interesaba participar.

3º.- A Deputación facilitoulle o contacto dos SNL á empresa que, pola súa vez, os puxo en contacto cos centros de ensino existentes de cada concello

4º.- Buscáronse as datas e lugares máis acaídos para todas (profesorado, persoas participantes na campaña etc)

### **Plan de comunicación**

- ➔ Roldas de prensa coa programación completa
- ➔ Campaña de comunicación en medios dixitais, nas redes sociais, web da deputación etc

### **Difusión**

Colocación directa de cartelería impresa en todos os centros de ensino participantes, ademais de mupis na vía pública. Entregáronse pegativas a toda a rapaza.

### **Número de persoas ás que chegou a campaña**

Directamente chego a 3000 nenos e nenas de provincia. De participación indirecta superou as 7.000 persoas, co impacto en redes, medios de comunicación e mozas e mozos dos centros de ensino que sen ter participado directamente das actividades si o fixeron coa chegada da comunicación directa ós seus centros de ensino.

### **Recursos**

**Importe total da campaña:** 127.000,00 €

#### **Materiais promocionais:**

- x 1000 carteis xenéricos da actividade
- x 50.000 pegatinas co logo da campaña.
- x Valados e mupis
- x Insercións de banners publicitarios nos medios dixitais

### **Avaliación**

A valoración foi moi positiva e espertou moito interese tanto do profesorado, como do alumando e do persoal técnico dos concellos

**Concellos participantes:** A Baña, A Coruña, A Pobra, Abegondo, Ames, Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Culleredo, Dumbría, Ferrol, Fisterra, Melide, Miño, Muros, Narón, Oleiros, Oroso, Outes,

Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Sada, Santa Comba, Santiago de Compostela, Teo, Vimianzo, Mancomunidade de Ordes.

A campaña, en sentido estrito, consistiu nunha charla de sociolingüística máis unha actividade lúdica con persoas relevantes de todos os ámbitos (deportistas, cantantes, debuxantes, grafiteiros, escritores...) da vida pública galega e que son un referente para os mozos e mozas

A charla tivo como **obxectivo principal**: estender o uso da lingua galega na mocidade

**A charla que se impartiu foi a seguinte (distinguiuse entre centro de ensino dun ámbito vilego, rural, urbano ...)**

"Presentámosvos un breve compendio de datos e ideas extraídos dalgúns dos máis recentes traballos (outros xa non tanto) dedicados á análise sociolingüística da mocidade galega.

Gran parte dos estudos realizados nas derradeiras décadas do século pasado viñan amosando datos esperanzadores. Instalouse daquela unha visión optimista sobre o futuro da lingua, baseándose en supostas actitudes moi favorables da sociedade en xeral, e tamén da mocidade, cara á normalización do idioma. Con todo, e como resulta obvio, o proceso de substitución lingüística non só non se freou senón que mesmo pareceu acelerarse.

Ante esta disociación entre perspectivas e realidade, comezaron a aparecer, nomeadamente arredor do cambio de milenio, unha serie de obras que utilizando outro tipo de metodoloxías parecen achegarnos a unha radiografía das representacións, opinións, actitudes e comportamentos lingüísticos da sociedade e da mocidade máis acordes coa realidade ou, cando menos, máis coherentes co que os datos de uso da lingua constatan.

As afirmacións que agora imos amosarvos son regras xerais nas que, ás veces con lixeiros matices, coinciden os diferentes estudos en que nos baseamos para a elaboración desta pequena guía.

Como criterio para organizar esta información, buscando ser eficaces e concisos, optamos por ordenala atendendo á contorna xeográfica, que a grandes trazos podemos identificar tamén cos diferentes hábitos lingüísticos: rural=galegofalante, vilego=bilingüe e urbano=castelanfalante.

Cómpre non esquecer así e todo que ningún destes ámbitos é monolítico e moitos outros factores poden influír sobre as persoas que conforman cada grupo.

A seguir, tras a enumeración de trazos distintivos de cada ámbito, recollemos e acompañamos con algunhas consideracións aquelas representacións e actitudes que entendemos como de maior relevancia, por seren transversais ou por teren especial interese nalgún eido concreto.

## **1. Ámbito rural=galegofalante**

-Amósase fiel á súa variedade, á que outorga valor identitario, non tanto galego como de clase ou grupo. Sente escasa simpatía polo estándar, sobre todo o oral.

-Asume en boa medida os tópicos tradicionais que asocian o galego a unha lingua rural, de persoas maiores e mesmo algo "bruto".

-Asocia o uso da variedade estándar co ámbito urbano ou con determinados grupos como poden ser o de persoas que traballan na Administración, nos medios de comunicación ou nacionalistas. Esta variedade percíbese como artificial, de baixa calidade e allea.

-Sente inseguridade á hora de expresarse na súa variedade fóra do seu hábitat cotián. Tamén hai quen sente inseguridade á hora de expresarse en castelán.

-Escaso consumo de cultura (música, literatura, audiovisual, redes...) en galego.

-A fidelidade á lingua e a disposición á futura transmisión familiar por parte súa vese en boa medida condicionada á permanencia no espazo de onde se procede. O desexo expreso é que as fillas e fillos dominen tanto galego coma castelán.

-Pouca confianza na importancia ou utilidade do galego para o desenvolvemento e o progreso no ámbito profesional. Aínda así, en xeral non consideran que unha lingua sexa máis acaída ca outra para as diferentes interaccións.

-Aínda que non é algo nin moito menos unánime, si se detecta certa sensibilidade cara ao discurso da "imposición do galego", sobre todo no ámbito escolar.

-Malia recoñecerse favorables á defensa e potenciación do galego, as medidas e accións a favor da normalización adoitan ser bastante discutidas.

-Practica a amabilidade lingüística, entendida como a asunción da necesidade de expresarse en castelán cando non se coñece a persoa interlocutora.

## **2. Ámbito vilego=bilingüe**

Antes de entrarmos na listaxe de trazos que definen a mocidade deste ambiente, cumpriría salientar que o espazo das vilas é probablemente o lugar onde en tempo real se asiste de maneira máis visible ao xogo de factores que inflúen no proceso de substitución lingüística, unha dinámica que non adoita ser inmediata e automática, senón progresiva. Por iso mesmo se define este espazo como bilingüe, ao situarse entre un ámbito maioritariamente galegofalante, como é o rural, e outro maioritariamente castelanfalante, como é o urbano.

-As dimensións e a contorna da vila, máis ou menos achegada a núcleos puramente urbanos, determinan se ese bilinguismo se inclina cara á predominancia do galego ou do castelán. Así e todo, a transmisión do galego na casa é aínda moi habitual.

-Representación do galego como unha lingua de aldea e de persoas maiores, pero manifestando que esta consideración en ningún momento implica menosprezo. Ademais, nos ámbitos laborais mellor valorados e nos grupos sociais vistos como de clase máis alta enténdese que predomina o castelán.

-Vese de xeito moi palpable a dicotomía vila-aldea.

-Sensación de non ser competentes en ningunha das dúas linguas.

-Laméntanse da ausencia de persoas-referentes que sirvan como modelo de lingua.

-Escaso consumo cultural e mediático en galego.

-Escasa empatía co estándar oral.

-Visión negativa sobre o futuro da lingua.

-Con respecto á súa posible futura responsabilidade para a transmisión da lingua no ámbito familiar, manifestan o desexo de que as súas fillas e fillos dominen perfectamente galego e castelán.

### 3. **Ámbito urbano=castelanfalante**

-En moi boa medida xa non recibiron o galego no ámbito familiar e o seu contacto con el limitábase case exclusivamente á escola.

-Sensación de incomodidade ao falar en galego ante a falta de competencia.

-Representación do galego como unha lingua de aldea e de persoas maiores, sen que isto implique menosprezo. Si se considera, porén, como marcador identitario dun grupo de persoas e un xeito de ver o mundo distinto ao seu.

-Apego ao galego polo seu valor afectivo e emocional, pero non polo seu valor "utilitario" (laboral, social...)

-Negación do valor do galego como definatorio da identidade galega.

-Sentimento de ausencia de persoas-referentes como modelo de lingua.

-Escaso consumo cultural e de medios en galego.

-Certa asunción do tópico da "imposición do galego", nomeadamente no que se refire ao ámbito escolar, e incomodidade ante a esixencia de aprender en galego determinados contidos, especialmente científico-técnicos.

-Visión en xeral negativa das accións a prol da normalización.

-Expresan o desexo de que o galego non desapareza pero ao tempo non amosan disposición a facer nada para impedirlo.

### 4. **Aspectos para ter en conta**

-**Aldea e persoas maiores.** Non podemos obviar que se basea na simple observación da realidade; que non se axuste totalmente a esta e que admita moitos matices tampouco debería levarnos a intentar ocultalo.

Sobre todo a mocidade vilega e urbana parece querer deixar claro que esta consideración non implica ningún tipo de menosprezo e, ademais, que non acredita en que unha lingua sexa mellor ca outra para ningunha circunstancia comunicativa. Mais non nos enganemos, está claro que o vello e o rural non é precisamente o que máis lles presta. Non podemos converter a mocidade de xeito unánime en *ruralita* da noite

para a mañá, pero si hai **valores asociados ao rural que teñen certo tirón**. Enxalzar eses valores é importante tamén para afianzar a seguridade e o orgullo da propia mocidade rural.

Evidentemente o orgullo polo rural tampouco pode facernos esquecer que cómpre transmitir que o galego é unha lingua tan apta para o "**moderno**" coma calquera outra.

**-Utilidade.** Parece complicado loitar en termos de "utilidade" se temos en conta que na nosa sociedade e no que atinxe ás linguas este concepto vai asociado a nocións como a do horizonte territorial ("o galego só serve en Galicia") ou a percepcións como a de que no ámbito laboral, sobre todo nos postos mellor valorados, a lingua predominante é o castelán.

Usar o argumento do portugués é positivo, aínda que cómpre ter en conta que no fondo estamos caendo no mesmo concepto de utilidade.

Recordar que se se traballa en Galicia debería saber falar galego é algo que cremos que non vai atopar moitas opinións en contra. Certo é, así e todo, que en xeral a idea da **cortesía lingüística**, similar á da amabilidade da que falabamos, está bastante estendida, polo que toda medida que poida ser percibida como "impositiva" está mal valorada. Hai que ser conscientes ademais de que este carácter de "impositivo" aplícase para o galego pero non para o castelán.

**-Plurilingüismo.** O que hoxe e aquí se entende habitualmente por plurilingüismo non o é tanto, pois límitase a reproducir a xerarquía da lingua dominante acompañada neste caso da que se entende como dominante a nivel mundial. Desprézase por tanto o potencial para ser verdadeiramente plurilingües que nos achega o ter dúas linguas ambientais, como é o caso maioritario dos galegofalantes pero non tanto de quen só entra en contacto co galego na escola.

Malia isto, cumpriría non dar a sensación de que apostar polo galego entra en confrontación con aprender inglés.

**-Variantes dialectais e galego tradicional.** As propostas normalizadoras especialmente dirixidas á mocidade centráronse historicamente na xente nova urbana, tratando de gañala para o idioma. Mentres, descoidábase a **mocidade galegofalante**, como dando por certa unha fidelidade que vemos que non é tan segura e que, pola contra, si está condicionada moitas veces á permanencia na contorna natal.

A mocidade galegofalante do ámbito rural débátese entre a lealdade para coa súa variante, a inseguridade que esta lle provoca á hora de saír da súa contorna e a falta de identificación co estándar oral.

Cumpriría axudar a que **valoren a súa propia variante** e a que esquezan o consabido "nós non falamos ben o galego, falamos o castrapo". Isto non é contraditorio con animar por exemplo a desterrar castelanismos, pero sempre evitando transmitir a sensación de que estamos "dando leccións".

**-Estándar oral.** Está por conseguir o **consenso arredor dun estándar oral** e, mesmo, está por conseguir o establecemento dese propio estándar, xa que a variedade que ata o de agora se trasladou non convence en ningún dos ámbitos. Non podemos esquecer que as canles principais para a súa transmisión (Administración, medios e escola) non axudaron precisamente a visibilizar un auténtico galego senón máis ben un **galego que parece castelán**. Con todo, igual ca calquera outra lingua, o galego necesita esa variedade e é un labor común establecelo e consolidalo. O camiño que levamos cara a ese destino aínda é curto, sobre todo se o comparamos coa vantaxe que levaba o castelán.

**-Neofalantes.** Se algún ou algunha de vós é neofalante pensamos que debería poñelo en valor. Todos, pero quizais especialmente a mocidade, percibimos máis do que se fai que do que se di. Sabede, por outra banda, que parte do voso público pode estarvos catalogando inmediatamente como nacionalista ou persoa que traballa nalgún dos eidos que antes citabamos como propios da transmisión do estándar. Separar a defensa da lingua doutras consideracións políticas parece útil para a propia lingua.

**-Identidade.** Vemos que, nos ámbitos galegofalantes, a lingua como sinal identitario funciona máis como símbolo de clase ou de grupo que como de identidade galega xeral. Ao tempo, para as persoas castelanfalantes, falar galego non é algo imprescindible para seren galegas. Nisto da identidade, en xeral a mocidade galega parece considerarse ao tempo galega, española e europea, mesmo por esta orde segundo se desprende dalgún dos estudos máis recentes. Tamén en termos xerais, podemos dicir que foxe do que publicamente se denominarían extremismos.

**-Imposición.** Cómpre ser conscientes de que as arremetidas galegófobas deixaron algún que outro pouso. Non conseguiron así e todo callar na extensión de actitudes abertamente contra o galego, que non pasan de residuais, pero na rapazada si que se



nota algo sobre todo na súa valoración sobre o galego na escola. Isto vese máis no ámbito urbano.

Recorrer a recordar a doma e castración, os séculos escuros ou o franquismo non sobra, pero tendo presente tamén que non van ser argumentos especialmente relevantes para a xente nova.

Tampouco cómpre esquecer que nos momentos máis álxidos desas arremetidas, os propios contraargumentos desde as posturas a favor do galego erraron ao asumir a linguaxe dos galegófobos ( o uso do termo "decreto do galego", por exemplo). Falando da "imposición do galego", aínda que sexa para rebatela, estamos axudando a difundir esa idea.

**-Apego ou afecto.** Estes sentimentos, que en maior ou menor medida se detectan en todos os ámbitos, non deixan de ser cuestionables se os cruzamos con trazos como poden ser a incerta lealdade, no caso dos galegofalantes, ou a escasa disposición a facer algo a favor manifestada no ambiente urbano. Con todo, é do pouco positivo que podemos tirar, así que non podemos permitirnos obviarlos. Quizais a clave estea en atopar o xeito de activar esa reserva sentimental e virala en comportamento.

**-Consumo cultural, medios e persoas referentes.** Precisamente a proposta na que estades a participar ataca esta fronte en primeiro lugar. Obviamente, paliar a escaseza de consumo cultural en galego é algo que require de moitos e moi coordinados esforzos a todos os niveis.

#### **As persoas que participaron na campaña foron:**

María Yañez – Mapeando o galego nas redes

Leandro Lamas – Un debuxo paso a paso

Antía Otero – Obradoiro versos en pegatina

Gaitafilmes – Obradoiro de cine na aula

Rosalía Fernández Rial – Aulas sen paredes

MJ Perez – Música e audiovisual

García MC – Obradoiro de Hip Hop e Rimas

Monoulous Dop – Música, diversión e participación

Davide Salvado – Música tradicional desde e para a contemporaneidade

Aldaolado – AL porque si

Paula Carballeira – Historias de arrepío

Xurxo Souto – Somos un pobo de artistas!

Mutante creativo – Obradoiro de graffiti e muralismo

Cestola na cachola – Xogando en galego coa moda ética

Fran Cañotas – Taller de xornalismo deportivo

Irene Lourido – ‘O galego, a miña lingua propia’ na televisión  
Laura Romero – Presentación do proxecto ‘As mulleres na música galega’  
Lois Blanco Arauxo – Proxección da curtametraxe ‘Fálame do silencio’ e charla co director  
A raíña vermella – Charla-reflexión sobre o uso do galego na sanidade  
Jaione Camborda – Charla ‘O oficio de cineasta’

### MARÍA YAÑEZ – ‘MAPEANDO O GALEGO NAS REDES’

María Yáñez Anllo (Lugo, 1978) é xornalista, investigadora e produtora de contidos dixitais. É licenciada en Xornalismo e Máster en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura pola USC. Leva 20 anos traballando en cinema, televisión e internet, sobre todo explorando as interseccións entre estes medios. É especialista en narrativas dixitais, en contido web e en distribución e promoción audiovisual na rede. Foi socia fundadora da empresa de comunicación dixital A Navalla Suíza e coeditora de EMBED.at, publicación en torno a audiovisual contemporáneo e a cultura aberta. Formou parte do equipo fundador de Screenly, plataforma para a distribución de cinema en salas baixo demanda, da que foi responsable de comunicación e desenvolvemento.

Traballa de forma independente facendo estratexias de contidos e comunicación para distintos proxectos relacionados co audiovisual. Entre os máis recentes están a distribución e promoción da película Encallados e do documental Os días afogados, a dirección de comunicación do TEK-FEST | Encontro de tecnoloxías emerxentes de Pontevedra, a coordinación de actividades do festival de contidos dixitais Carballo Interplay, a comunicación en redes do circuíto de Agadic Cinemas de Galicia ou a xestión da mediateca dixital da Doc Next Network, un proxecto da European Cultural Foundation para impulsar a creación de discursos audiovisuais socialmente comprometidos entre mozas e mozos de toda Europa. Tamén colaborou programando contidos co Festival de Cans e co festival ZEMOS98 de Sevilla. Na actualidade é responsable da programación do Laboratorio Audiovisual de Innovación e Creación dentro do programa Coruña Dixital, do concello da Coruña.

#### Actividade

O obxectivo desta actividade foi mostrar a diversidade de contidos en galego que se poden atopar na rede, tanto na web como nas distintas plataformas sociais e aplicacións móbiles. Nomeadamente nos blogs, Youtube, Ytwitter, e Instagram.

Comezou a actividade cunha exposición introdutoria na que se mostraron distintos exemplos de contido publicado nas redes. A continuación pedíuselles ás rapazas e rapaces que buscasen, anotasen e recomendasen unha conta ou perfil en cada unha destas redes que lles gustase, para facer entre todas un mapeado de contidos interesantes, que se clasificaron por tema, por franxa de idade, por área xeográfica, etc, anotando as súas características, e reflexionando en grupo sobre esta busca.

### LEANDRO LAMAS – ‘UN DEBUXO PASO A PASO’

A primeira exposición de Leandro Lamas tivo lugar en Ferrol no ano 1998. Desde entón expuxo en varias outras cidades de España e Portugal. O seu estilo é naïf e caracterízase polo emprego da cor, nos últimos anos é un dos pintores con mais obra, incluída esta tanto en libros ilustrados para todas os públicos, discos, ...así como encargos personalizados e a súa presenza nas redes sociais das que son seguidoras moitas mozas e mozos.

### Actividade

Con esta actividade Leandro realizou xunto co alumnado participante un debuxo na aula.

As persoas participantes coñeceron as ideas básica do debuxo co que traballa no seu día a día no seu estudio Leandro, descubriendo e conseguindo resultados realmente sorprendentes para o público participante nos seus obradoiros, esta actividade ten moita demanda por parte do profesorado, mais a pouca dispoñibilidade do pintor dificulta contar con el nas aulas, nesta ocasión e dentro da campaña 'O galego, a miña lingua propia' decidiu dedicar parte do seu tempo a estar cos e coas mais mozas e compartir todo o seu saber e amor polo idioma.

### ANTÍA OTERO – 'VERSOS EN PEGATINA'

Antía Otero (A Estrada, 1982) Tras licenciarse en Historia da Arte e formarse como actriz, traballa arredor da práctica escénica e da escrita. Como poeta gañou o VII Certame Francisco Añón co poemario De porta un Horizonte e publicou O Son da Xordeira en Espiral Maior en 2003, (Retro)visor no 2010 (finalista nos premios AELG) e o Cuarto das abellas no 2016 (premio ao mellor poemario na II Gala dos libros do 2017), ambos en Xerais. En 2017 sae á luz á súa primeira incursión como autora na literatura infantil co álbum ilustrado O branco non pinta editado por Apiario.

A súa obra pode lerse tamén en multitude de publicacións colectivas, antoloxías e revistas.

Dende 2014 codirixe Apiario, un proxecto cultural onde se tecen cursos de escrita creativa cun selo editorial independente. Leva anos dedicada a coordinar obradoiros de arte, poesía e escrita creativa tanto para entidades públicas como privadas.

### Actividade

Cantos versos collen nunha pegatina?. Que palabras estamos dispostas a levar pegadas nas nosas carpetas, nos obxectos que conforman a vida, no espazo público, que frases ou revelacións queremos compartir co mundo?, que diferenza hai entre escribir e tomar a palabra?.

No obradoiro déronse ferramentas que axudaron a tomar consciencia do efecto que pode ter unha palabra en relación ao espazo no que sexa colocada. A vontade de escoller a frase exacta para a sensación concreta.

Na segunda parte do encontro e cos textos resultantes, convidouse ao alumnado a realizar as súas propias pegatinas.

A actividade estivo artellada conceptualmente en torno á diferenza que hai entre escribir e tomar a palabra. Podemos tomar a palabra en galego, facela nosa, transmitir as nosas mensaxes?. A través da poesía e do formato da pegatina experimentáronse esas posibilidades.

### GAITAFILMES – ‘OBRADOIRO DE CINE NA AULA’

Andrés Goteira (director) e Suso López (produtor e actor) forman parte de Gaitafilmes, unha produtora que desde unha pequena vila galega, Meira, puxo a andar o seu propio proxecto de longametraxe. Doghs foi rodada integramente en galego e nela participaron técnicos e actores galegos.

#### Actividade

Unha charla sobre o emprego da nosa lingua en todos os procesos que envolve hoxe en día a realización dun filme e o seu uso no día a día dunha produtora audiovisual. Para iso baseáronse principalmente na súa experiencia na produción de Doghs. A súa idea foi amosar as oportunidades que o galego ofrece e rebater coa propia experiencia todos os prexuízos que hai sobre iso . Logo fíxose un coloquio co alumnado para enriquecer o conversa.

A actividade posterior consistiu nunha pequena práctica de cine, a posta en marcha dunha escena en colaboración co alumnado, que ocupou os distintos roles que hai na rodaxe dun filme, tanto no equipo técnico como no artístico: cámara, dirección, auxiliar de dirección, continuidade, sonidista, pertiguista, arte, foto, produtor ou produtora, actores e actrices... Seguiuse un guión previamente preparado para facer unha rodaxe sinxela, como un diálogo con dous ou tres planos.

### ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL – ‘AULAS SEN PAREDES’

Rosalía Fernández Rial (1988) concibiuse a través da palabra, ideando unha xénese inicial desde a literatura escrita e a linguaxe escénica. Na súa fase filolóxica indaga sobre teatro clásico e realiza diferentes traballos académicos vinculados ao Grupo de investigación Calderón de la Barca. Tras licenciarse inicia un período de mutación cara a didáctica das linguas, da literatura e da expresión dramática; primeiro no Tránsito de Máster e logo na súa Tese de doutoramento. Nese proceso de transformación intelectual, mantivo sempre unha intensa preparación física e actoral, mediante as que intenta interpretarse.

Como creadora, en especial de poesía, Rosalía rexenérase en cada un dos seus libros, entre os que destacan: En clave de sol (2009), Átonos (2011), Vinte en escena (2012), Un mar de sensacións (2012) ou Ningún amante sabe conducir (2014), Contracción (2016) ou Sacar a bailar (2016). Títulos que cos que se metamorfosea en presentacións performánticas e musicais.

Aulas sen paredes (libro-DVD, 2016) é a súa obra de ensaio máis relevante, que deriva da Tese Doutoral defendida ese mesmo ano e inclúe un documental audiovisual coa intervención didáctica na que usa a expresión dramática e teatral como ferramentas pedagóxicas para o ensino e aprendizaxe de linguas.

#### Actividade:

O proxecto propuxo unha nova metodoloxía didáctica para a aprendizaxe de linguas mediante o uso da expresión dramática e teatral como ferramenta pedagóxica dentro das aulas regradadas do Ensino Secundario Obrigatorio. O método foi deseñado no marco dunha Tese de doutoramento elaborada na USC e posta en práctica cun grupo de 1º da ESO do IES público Xelmírez I de Santiago de Compostela nas materias de lingua galega e castelá de xeito coordinado. Mediante a expresión dramática e teatral o alumnado desenvolveu unha competencia comunicativa total.

O obradoiro constou dunha sesión de 50 min. e realizouse cun grupo de alumnado de aproximadamente 20 rapaces e rapazas. Durante este, púxose en práctica unha das intervencións baseadas no uso da expresión dramática e teatral como ferramenta pedagóxica para o ensino da lingua propia e para o reforzo de actitudes positivas cara a esta.

### MJ PÉREZ– ‘MÚSICA E AUDIOVISUAL’

MJ Pérez é unha das novas voces do panorama actual da música galega. Defínese como “cantautora”, mais se algo está claro é que MJ non é unha cantautora ao uso. Inicia o seu percorrido en 2014 e acumula case 100 concertos por diferentes cidades e vilas galegas. Suma xa tres discos: un auto-editado (Ollos que non ven, síntoma de cegueira) e dous auto-producidos (Guerrilleira e Casandra), e estivo presente tanto en festivais coma nos principais circuítos musicais de Galicia.

A música de MJ Pérez bebe da esencia da canción de autor, unha fusión de diversos estilos musicais co predominio do rock-pop. A palabra e a mensaxe dos temas cobra especial protagonismo xunto coa voz de MJ, cargada de personalidade.

MJ comeza o seu percorrido en 2014 co primeiro traballo “Ollos que non ven, síntoma de cegueira”. O punto máis destacable deste momento para a artista foi a súa participación no “I Certame de Canción de Autor en Galego”, do que foi finalista xunto con artistas como Nastasia Zürcher, Sofía Espiñeira ou Alba María. O ano 2015 foi un momento de impulso para MJ, xa que comezou cun novo disco baixo o brazo: “Guerrilleira”. Nese ano aumenta o número de concertos e chega a estar presente en festivais coma o Noroeste Pop Rock.

Xa en 2016 acada o segundo posto no VIII Concurso Musical da Deputación da Coruña, con grupos como Bala, The Trunks ou Jamie Fiftring. O 2017 é un ano de inflexión para MJ, a artista presenta o seu terceiro disco, primeiro de estudio, titulado “Casandra” que marca un antes e un despois no seu traballo, Deste xeito, MJ despidese o ano cunha intensa xira de presentación do seu novo disco e acadando un 1º posto na final do concurso Xuventude Crea 2017

#### Actividade:

MJ Pérez compartiu de xeito distendido a presenza e importancia do galego no seu día a día, máis concretamente na súa faceta artística: a música e o audiovisual.

MJ contoulle ao alumnado e profesorado participante na actividade como o galego, lonxe de pechar portas, permite chegar máis alá. Así o demostra a través das súas cancións e con todo o traballo audiovisual que acompaña á artista (autoproducido na súa maior parte). MJ intercalou diferentes temas ao longo da intervención que serviron como fío condutor e eixo musical da actividade.

## GARCÍA MC– ‘VINTE ANOS DA PALABRA QUE ANDA’

García Mc comeza rapeando letras propias con 13 anos. Ao pouco, aínda na adolescencia, pasa a formar parte do proxecto musical rapeiro Ghamberros. É ademais un dos fundadores do colectivo hip hop Dios Ke Te Crew, co que acadaron unha grande sona en Galicia grazas ao seu primeiro álbum, XÉNESE (2006), facendo innumerables concertos en xiras galegas, por todo o estado español e mesmo en Cuba.

En 2012, froito do seu momento vital e atravesado pola súa relación directa coa realidade indíxena chiapaneca, García lanza ABAIXO E DE PÉ, o seu primeiro traballo discográfico en solitario, realizando unha ampla xira de presentación e mesmo xirando por México.

Levou o seu rap en galego a lugares como Dinamarca, Guiné– Bissau ou Portugal, e entende a música como unha ferramenta máis de intervención social e ponte entre culturas. En decembro de 2013 lanza ABAIXO E DE REMIX, remesturas de Abaixo e de Pé a cargo dos produtores musicais galegos máis destacados.

Ten alma de comunicador, de divulgador e de embaixador cultural, ademais de ser educador independente impartindo obradoiros e conferencias de cultura hip hop desde hai máis dunha década. Ten a súa pegada en dúcias de discos de grupos galegos contemporáneos, musicou poemas de Celso Emilio Ferreiro en clave rapeira e formou parte da Banda Fura Fura (Homenaxe ao Zeca Afonso). Ata o 2016 participa activamente tanto en Dios Ke Te Crew como no proxecto de “Foliada Rap and Punk” de Labregos do Tempo dos Sputniks.

A inspiración do vivido no WOMEX 2016 en Santiago de Compostela, a feira de world music máis importante do mundo, foi a que fixo que aflorase esta nova idea: Nación Quilombo, o novo traballo discográfico de Garcia MC.

### Actividade:

García Mc leva rapeando sobre os escenarios desde os 14 anos. Sempre en galego, cos pés nesta terra pero coa mirada posta noutras latitudes, nas músicas de Colombia, de Chiapas ou do Brasil. A súa música ten a palabra como centro e iso é o que quixo transmitir con estes obradoiros de rima, de improvisación oral, onde o alumnado puido participar desde o minuto un de xeito sinxelo, expresándose na súa lingua a través do hip-hop, e compartindo esta posibilidade cun directo compartido con el.

## MONOULIOUS DOP – ‘MÚSICA, DIVERSIÓN E PARTICIPACIÓN’

Monoulious DOP nace en 2012 como un proxecto musical único e exclusivo para internet. A curiosidade de Mon e Ula fai que empecen a subir videoclipos a internet que eles mesmos producen, e que coa forza das redes sociais, pronto contén co apoio do público e que acaden máis dun millón de visitas na canle de Youtube, e outro tanto na canle de Facebook. Entre outras, foron tres veces gañadores do concurso Correlingua, que os levou a tocar por toda a xeografía galega. Neste momento teñen dous discos, o Lp Padre (Disco dobre) e Chispum!

### Actividade:

O obxectivo da actividade foi dinamizar, ensinar, valorar, respectar e, sobre todo, divertirse con música en galego mediante a xornada na que os integrantes de Monoulous Dop fixeron que os asistentes interactuasen con eles dunha maneira divertida e sempre coa música por bandeira.

Para iso seguiron os seguintes pasos:

- Presentación. Mon e Ula contaron quen son, como chegaron a dedicarse á música e comezaron a facer co grupo un quecemento físico e vocal para ir rompendo o xeo.
- Canción a coro. Fixéronse 4 grupos entre o público asistente no que cada grupo fixo interactuar simulando un instrumento (uns fixeron a percusión, outros os ventos, outros coros vocais e outros deron palmas) nunha canción que eles interpretaron.
- Micro-concerto. Remataron a actividade tocando 4 ou 5 cancións do seu repertorio, no que convidaron ao público para que cantasen os seus retrousos e fixesen palmas nos momentos axeitados, ofrecendo micro aberto á participación do público asistente.

Foi un concerto en acústico, facilitando deste xeito a convivencia coas actividades que se estaban desenvolvendo no centro.

### DAVIDE SALVADO – ‘MÚSICA TRADICIONAL DESDE E PARA A CONTEMPORANEIDADE’

Davide Salvado é unha das voces máis carismáticas do noso país. De formación autodidacta, leva media vida recorrendo as aldeas na procura de ritmos, coplas e danzas. De todas esas mulleres que se foi atopando, aprendeu non só a tradición na música, senón todo un xeito de vivir. O amor a todas esas prácticas tradicionais e o respecto pola terra, fan do xeito de entender o canto para Davide moito máis que simplemente música.

En 2003 comezou a súa carreira profesional xunto a Ugia Pedreira (Marful) e o grupo Ecléctica Ensemble. Pouco despois uniuse como cantante e percusionista á banda do recoñecido gaitero Budiño, coa que xirou por escenarios de medio mundo. A súa versatilidade permitiulle achegarse tamén a xéneros como o cabaré ou o teatro. Davide colaborou ademais en varios traballos discográficos, entre outros Galiza de Kepa Junkera ou Sing me Home de Yo-Yo Ma & Silk Road Ensemble, gañador do GRAMMY 2017 a Best WorldMusic Album.

En 2011, editou o seu primeiro traballo en solitario, Árnica Pura, producido por Eliseo Parra, que esgotou catro edicións. Tras dous anos de xira, presentou O Ladrón de Amorodos, un espectáculo a trío xunto ao acordeonista Santi Cribeiro (Berrogüetto) e o percusionista e gaitero Cristian Silva. Con este espectáculo, Davide foi escollido polo xurado internacional para a sección oficial de WOMEX 2014, a feira de world music máis importante do mundo. Grazas a isto, conseguiu unha grande presenza nos medios especializados internacionais, onde faláron del como unha das grandes descubertas dese ano.

En febreiro de 2015 editouse o disco Rústica, un proxecto moi especial e efémero xunto a Cristina Pato, Anxo Pintos e Roberto Comesaña, que acadou moi boas críticas. No 2015 editou o seu novo disco en solitario, LOBOS.

Actividade:

A música de Davide Salvado é fiel á tradición, a como el a aprendeu das mulleres maiores. Pero reinterpretaa desde unha óptica contemporánea, a súa, a nosa.

Nesta actividade fixo un percorrido pola nosa tradición oral cantada, explicándonos de onde provén a música que el interpreta e mostrándonos os ritmos e as coplas máis representativas, sempre desde a visión de como se entendería hoxe en día esa música tradicional se tivese evolucionado con nós con normalidade.

### ALDAOLADO – ‘AL PORQUE SI’

Lucía Aldao e María Lado compoñen o dúo Aldaolado, co que levan dende 2005 achegando a poesía de maneira diferente ao público de todo o país. Os seus recitais son auténticos espectáculos que unen a lectura de poemas propios, humor e música en directo, con moita frescura e unha importante participación do público. Son a comunión perfecta entre emoción e risa, e con eles estiveron presentes en festivais, festas, centros de ensino, concellos, teatros, bares e todo tipo de escenarios e eventos. Mesmo máis aló das nosas fronteiras.

As dúas poetas son autoras dunha ampla obra, inédita no caso de Aldao e editada en seis poemarios no caso de Lado, e ámbalas dúas contan con sobrada experiencia sobre as táboas, o que lles permite unir improvisación e números preparados a conciencia nas súas actuacións. Con estas armas falan do amor, da lingua, da muller, das súas propias experiencias como creadoras, do tempo que lles tocou vivir... Un Aldaolado é sempre unha celebración da poesía, da ledicia e da vida e unha demostración de como un poema pode mudar (un pouco) a realidade.

Para esta convocatoria prepararon un espectáculo pensado especificamente para os centros de ensino de secundaria que conxuga o mellor de Aldaolado cunha conversa coas alumnas e alumnos. Este evento levou por título "Porque si".

#### Actividade:

"Porque si" responde á estrutura habitual dos espectáculos de Lucía e María. Estes xa adoitan ser moi participativos, e o público ten sempre moito que dicir neles. Pero nesta ocasión as poetas deixaron lugar a un pequeno coloquio coa rapazada para tratar aqueles temas que se presentaron durante o espectáculo.

"Porque si" contou as peripecias de Aldao e Lado para chegaren a poetas, as súas experiencias de formación e primeiros pasos no mundo literario, afondando nas razóns polas que escolleron o galego e como iso lles influíu na súa traxectoria e na súa vida persoal. Todas estas reflexións estiveron feitas dende o humor e a crítica á solemnidade, e deron paso a poemas propios que ilustraron iso que contan, acompañados por veces de cancións. Así mesmo, en "Porque si", Aldaolado propuxéronlle aos mozos e mozas un xogo que lles serve para convertérense en poetas ao mesmo tempo que descubriron a súa capacidade innata para o galego.

### PAULA CARBALLEIRA – ‘HISTORIAS DE ARREPÍO’

Paula Carballeira dedícase profesionalmente ao teatro e á narración oral desde 1992.



Foi convidada aos principais festivais de narración oral tanto nacionais como internacionais ( Portugal, Brasil, Chile, Ecuador, Perú, Colombia, Cabo Verde, Argentina, Costa Rica, México....). Participou en diversos programas da TVG (“Viradeira”, “O clan dos impostores” , “Libro de familia” , “Apaga a luz”, “A noite en branco”, “Pequeno Hotel”, “O rei da comedia”, “Rías Baixas”, “Máxima Audiencia”, “Contando estrelas”, “Pepe o inglés” ) e ten colaborado en diferentes programas da Radio Galega (“Xamón,xamón”, “A taberna da galega”). Membro da compañía teatral Berrobambán desde 1996, coa que coordinou a programación infantil ASTEROIDE B-612 que se desenvolveu na Sala Nasa de Santiago de Compostela e no Concello de Ferrol. Ademais dun traballo continuado en Berrobambán, traballa como actriz ou directora en propostas ocasionais doutras compañías. Por exemplo, dirixiu os espectáculos de Talía Teatro “Mundos contados”, “Pequena” e “Rosa Caramelo e outras historias”; dirixiu e interpretou a proposta do Centro Dramático Galego para público infantil: “A cabana de Babaiagá” (estreada en marzo do 2006), e participou como actriz no espectáculo “Desde a sombra/Bufóns e Pallasos” da compañía Magrinyana.

É autora de numerosos títulos de literatura infantil e xuvenil en galego, ademais dos libros escolares de lecturas: “Alicia sabe voar” e “O asubío do vento do norte” (Anaya, 2006); “A Illa das morsas” e “ A casa encantada de Vilachá” (Anaya, 2007), “Voces no sumidoiro” e “A maldición do dente de gato” (Anaya, 2008) e “Aldara na lúa” e “O barco pantasma” (Anaya, 2012).

#### Actividade:

O medo é unha das poucas cousas que non buscas. Ao medo atópalo. Os chamados “contos de medo” só perseguen o arrepío do momento, unha lixeira inquedanza, unha sensación de vento frío que che aloumiña o pescozo. Candeas, aparecidos, ánimas en pena, agoiros, avisos...

Ben se pode dicir que o arrepío forma parte do outono e do inverno, e de aí proceden a maioría destas historias, das longas e escuras noites coa néboa ás portas. Contos que foron tecendo narradoras e narradores anónimos, ás veces recollidos por escrito, a maioría transmitidos oralmente para lembrarnos que a morte está á espreita, e que por iso hai que sentir con intensidade, tremer e rir cando o medo nolo permita, para esquecer por un momento o que agochan as tebras.

#### XURXO SOUTO – ‘SOMOS UN POBO DE ARTISTAS!’

Xurxo Souto: A Coruña, 1966. Músico e escritor. Licenciado en Filoloxía Clásica, dende 1986 traballa en diferentes medios de comunicación.

Membro fundador do conxunto Os Diplomáticos de Monte-Alto. Na radio dirixiu programas como “A Tropa da Tralla” ( Radio Coruña), ou “Aberto por Reformas” ( Radio Galega). No eido da imaxe, entre outros traballos, é autor do documental “Pucho Boedo, un crooner na fin do mundo”. O seu último libro até o momento titúlase Pangalaica (2019).

### Actividade:

A comezos dos anos oitenta, gurús había que insistían en que o galego non valía para o rock and roll. Apareceron os Resentidos co seu LP “Vigo, capital Lisboa” e quedou derrubado para sempre tan escuro tabú. Nos noventa, o poder da alianza do galego co rock amplificouse de vez coa revolución do bravú. Unha relación fecunda que continúa coa constante aparición de novos grupos e solistas. Historia sonora que debe ser coñecida pola mocidade, como referente e alimento dos seus propios proxectos.

Nesta sesión, a través dalgúns vídeos sobranceiros, reencontráronse cos fitos máis destacados deste fenómeno. E ao tempo, activaron a creatividade das rapazas e rapaces presentes –somos un pobo de artistas!- a través dun obradoiro de “regueifa”: técnicas para a improvisación que veñen de moi atrás, cargadas de forza para os novos tempos.

Galego e rock and roll. Como proclama a consigna dos Diplomáticos de Monte Alto: Tanta paixón quen poderá detela!

### MUTANTE CREATIVO – ‘OBRADOIRO DE GRAFFITI E MURALISMO’

Mutante Creativo é unha criatura sen clasificar... Un organismo creativo multidisciplinar que muta e se transforma en cada proxecto, loitando pola superación e a orixinalidade nesta xungla de asfalto saturada por unha nube densa de datos e imaxes repetidas.

Mutante Creativo está formado por dous muralistas, Sokram e Mou, con longa e reputada experiencia no mundo do graffiti e o muralismo, así coma na tarefa de ensinar este tipo de arte a un público mozo durante os últimos 15 anos e ao longo de toda Galiza por institutos, colexios, concellos, festivais, etc... Deseñadores, artistas gráficos, grafiteiros, muralistas, músicos e vocalistas membros do colectivo hip hop Dios ke te Crew, e organizadores de varios eventos internacionais de arte urbana que a día de hoxe son referentes a nivel internacional como: DesOrdes Creativas. Festival Internacional de Arte na Rúa (Ordes, A Coruña - 10 edicións ), RExenera Fest: Festival Internacional de Arte Pública (Carballo, A Coruña - 3 edicións), Compostela Contemporánea: Festival Internacional de Muralismo e Intervencións Urbanas (Compostela, 2 edicións), Cromático: Mural Fest (Cambre, A Coruña - 1 edición).

### Actividade:

Esta proposta consistiu nun obradoiro que quixo ser un primeiro contacto coa técnica do graffiti por medio da realización colectiva dun mural.

1/Breve introdución histórica: Unha primeira fase teórica, na que se fixo unha introdución breve ao alumnado do mundo do graffiti, a arte urbana e o muralismo.

2/Formulación e exercicios básicos: Unha segunda fase na que se lles explicou a idea e procesos que se desenvolven no muro, amosándolles o bocexo que previamente elaborara o equipo de Mutante Creativo para a actividade e explicándolles cal ía ser o método a seguir. Nesta fase explicouse tamén o funcionamento dos aerosois de xeito

práctico e o alumnado realizou varias probas cos sprays antes de comezar a pintar o propio mural, para poder familiarizarse coa técnica.

3/ Realización do mural: Durante esta fase levouse a cabo a realización do propio mural que pasou polos procesos de marcado, recheo, efectos e trazado final, na que o alumnado puxo en práctica o aprendido anteriormente con supervisión e axuda. O mural quedou no propio centro para o goce colectivo e como mostra do aprendido durante a actividade.

### CESTOLA NA CACHOLA – ‘XOGANDO COA MODA ÉTICA’

As persoas que traballaron na actividade foron Xoana e Raquel, socias-traballadoras de Cestola na Cachola, S. Coop. Galega.

Xoana Almar formouse como ilustradora, economista e antropóloga e xunto con Miguel Peralta traballa na área artística de Cestola na Cachola na creación de murais, cadros, contos ilustrados e outros debuxos propios, incluíndo deseños para a súa estampación en prendas e tecidos ecolóxicos e de comercio xusto dentro da liña de moda ética da cooperativa.

Raquel Doallo: é economista especializada no asesoramento a proxectos cooperativos, e conta con experiencia no eido da promoción do consumo consciente e o consumo responsable. Dentro Cestola na Cachola, unha das súas funcións é xestionar a distribución de prendas de moda ética da cooperativa.

#### Actividade:

Foi unha actividade que, a modo de xogo de mesa, axudou a visibilizar a realidade do téxtil na nosa contorna mentres aprenderon novos conceptos e palabras en galego relacionadas co sector. Para gañar había que demostrar quen sabe máis arredor de cuestións sobre marcas galegas de moda sostible e non sostible, datos sobre a historia do téxtil galego, info sobre tecidos ecolóxicos e de comercio xusto, significado dos nomes de distintas marcas (por exemplo: Xiro, MOV3, Cestola na Cachola)...en resumo, toma de conciencia e coñecemento arredor da moda e do impacto social que ela provoca.

### FRAN CAÑOTAS – ‘TALLER DE XORNALISMO DEPORTIVO’

Francisco Rego González é xornalista da Televisión de Galicia. Desenvolve o seu labor como tal no eido da comunicación deportiva, con narracións na Radio Galega de partidos fútbol, baloncesto, balonmán, fútbol sala, voleibol, etc.

#### Actividade:

- Obxectivos: Normalización do uso do galego como lingua habitual nos medios de comunicación.
- Proposta: Taller de normalización lingüística na que se explicou o uso do galego nos medios de comunicación, incidindo na parte deportiva para que fose de maior interese para os mozos e mozas participantes.

1- Explicación do uso do galego nos medios e os seus beneficios.

2- Narración de momentos do deporte galego no que os usuarios e usuarias do taller puideron probar e aprender expresións típicas das retransmisións deportivas (goles de equipos galegos, momentos do baloncesto, triatlón, etc.). Gravarón as locucións que se fixeron no obradoiro como xeito de gardar o traballo no centro e de proposta para as actividades deportivas intercentros ou todas aquelas nas que puideron participar o alumnado e que a partir deste obradoiro xerar a opción de ser comentado, radiado, ou retransmitido en galego polos propios mozos e mozas que formaron parte do público ou que participaron activamente nos medios de comunicación existentes.

3- Realización dun simulacro de conferencia de prensa post-partido con interacción entre as mozas e mozos, para que cada un puidese facer preguntas ou ser preguntadas.

- Material que empregaron: micrófono para a simulación da conferencia de prensa e vídeos necesarios.

### IRENE LOURIDO – ‘O GALEGO, A MIÑA LINGUA PROPIA NA TELEVISIÓN’

Irene Lourido é licenciada en Xornalismo, Comunicación Audiovisual e Publicidade. Leva vinte anos dedicada á información televisiva na CRTVG. Actualmente presenta os informativos da fin de semana na canle pública, traballo que compaxina coa docencia na USC.

#### Actividade:

Irene chegou ao alumnado participante a súa experiencia como xornalista na CRTVG, e en xeral nos medios de comunicación sobre o uso do galego, abrindo unha conversa co alumnado participante.

Irene Lourido, acompañada dunha profesional cámara, desenvolveu en cada centro de ensino unha actividade de 50 min. de duración na que, partindo dunha nova de actualidade ou xerándoa, redactaron unha nova arredor do galego e a súa presenza nos medios de comunicación e con ela fixeron un xogo reporteira/entrevistada dentro do propio centro de ensino convidando a participar o alumnado da aula, a persoal docente do centro ou incluso algunha persoa do entorno do centro que puideron subministrar unha visión á actividade xornalística deseñada.

Unha vez rematada a gravación, enviaron ao centro o resultado da edición da actividade.

### LAURA ROMERO – ‘PRESENTACIÓN DO PROXECTO’

Laura Romero nace en Alacante no ano 1991, e vive en Galicia (na vila de Ordes, A Coruña) dende que tiña oito anos. Os seus intereses sempre se inclinaron pola arte, polo que decide comezar os seus estudos artísticos dende o Bacharelato. É por aquel entón cando decide aprender a tocar a guitarra clásica, como pasatempo. Ao pouco tempo cambia a guitarra polo baixo eléctrico, e tamén se muda a Salamanca para comezar Belas Artes nesa cidade. Despois dun tempo sen tocar, entra como baixista na banda de funky pop The Coy Kois (banda formada por catro mulleres) e participa na gravación do disco. Xa licenciada en Belas Artes, a punto de comezar un mestrado en Arte Contemporánea en Pontevedra, comeza a tocar rock en Velvet Rain na súa

vila. A banda tivo unha historia moi breve, mais meses despois comezaba como baixista en Zënzar, onde toca actualmente. Dende que forma parte de Zënzar, a súa inclinación inicial pola pintura vai deixando paso a unha preferencia pola ilustración (tendo como primeiro traballo de gran importancia as ilustracións do libro-CD de Pakolas editado pola editorial Galaxia, traballo en solitario de Paco Cerdeira, guitarrista de A Gramola Gominola, Zënzar, ex de Mamá Cabra...), e polo debuxo urbano. O que non mudou foi o seu interese por temas coma a desigualdade de xénero, a teoría feminista, a historia e traxectoria de mulleres artistas e agora tamén, das mulleres músicas.

Participou en proxectos expositivos coma “Macma. Mujeres artistas por y para mujeres activistas”, exposto en marzo de 2016 na sala Paco de Lucía de Madrid, Stripart 2015 no Centro Cívico de Guinardó (Barcelona), ou en Voilà la femme, en Marín no mesmo ano.

### Actividade

Coa axuda de imaxe e audio presentou dende mulleres pioneiras coma Áurea Rodríguez, a primeira gaiteira galega documentada, ata músicas actuais coma Sés. Da primeira banda formada por mulleres nos anos 60 (o grupo de gaitas Saudade), do concepto “grupo de chicas” e do inxusto que é nomear a tódalas bandas femininas así, coma se todas tocasen a mesma música.

Tamén falou das mulleres que participaron no rock bravú, un estilo único galego pero moi masculinizado, igual que foi o caso da Movidá Viguesa. O rock bravú trata do orgullo de ser galego, dos barrios e das aldeas, foi música do seu tempo sen esquecer a tradición, o que supuxo un avance importante para o noso idioma: desde programas de radio e televisión ata a literatura, pintura e música axudaron a que toda unha xeración dispuxera dunha ampla oferta cultural en galego. E por suposto Laura Romero falou das músicas que cantan en galego hoxe en día, e que recuperan a música tradicional e o folk na música actual.

Algunhas das bandas e das músicas galegas ilustradas ás que fixo unha achega desde o seu traballo gráfico foron: Áurea Rodríguez Grupo Saudade, Josefa de Bastavales, Marisol Manfurada, Mercedes Peón, Cristina Pato, Susana Seivane, Mulleres Galegas Kañeras (colectivo), Belém Tajés, Guadi Galego, MJ Pérez, Alba María, Tanxugueiras, Sés, A Banda da Loba, Najla Shami, Mounqap, De Vacas.

### LOIS BLANCO ARAÚXO – PROXECCIÓN DA CURTA ‘FÁLAME DO SILENCIO’ E CHARLA CO DIRECTOR

Lois nace na capital galega, debeu ser para poder moverse con máis comodidade, porque viaxou pola xeografía galega ata afincarse, xa adolescente, nas proximidades de Santiago. Igual por iso lle ferve tanto a cabeza agora. Viaxa, dentro do mundo da cultura, entre o audiovisual (Ciencias da comunicación), o teatro (dramaturxia e dirección) e a literatura (gañando premios en certames como o de Ames). Os puntos de encontro case sempre dan cun papel en branco, co que leva relacionándose dende

os 9 anos. A súa última curta está movéndose en mercados e festivais do mundo, ha de ser o pasado que nos leva inevitablemente ao futuro. Tamén participou cunha obra chamada Lady Shakespeare no festival de teatro máis grande do mundo, o Fringe de Edimburgo.

#### Actividade:

Consistiu na proxección da curtametraxe Fálame do silencio, que conta a historia dunha parella de mozos que están tentando atopar un punto en común para solucionar o seu desencontro amoroso. Despois do visionado deuse un debate na aula co estudantado, co obxectivo de facelo reflexionar sobre a comunicación no seu sentido máis amplo. A importancia do entendemento. Tamén faláron sobre o mundo audiovisual e as súas posibilidades, abrindo preguntas e curiosidades sobre el. Tendo en conta a importancia que ten na actualidade polo acceso que se ten del nas redes. Por último, animounos a valorar a cultura e a utilizala como unha ferramenta moi potente de crecemento persoal e autoconñecemento, co obxectivo de axudar a cultivar persoas máis libres e valentes.

### A RAÍÑA VERMELLA – CHARLA-REFLEXIÓN SOBRE O USO DO GALEGO NA SANIDADE

Iria Veiga naceu en Ferrol en 1981 pero vive en Santiago dende hai un par de décadas. Estudou Medicina na Universidade de Santiago, aínda que tamén pensou en estudar Filosofía. Finalmente, segundo ela mesma di 'conseguín xuntar ambos intereses' e hoxe é médica psiquiatra, traballa no Sergas no Hospital da Barbanza. Ademais, colabora en diversas actividades sobre divulgación científica, como Pint of Science, Escépticos no Pub e outras como o LGX15, e escribe o blogue O Outro Lado do Espello, sobre ciencia e divulgación. Participa no programa Burán (@radioburan) en Radio Campus Culturae.

A súa identidade (xa non tan) secreta en redes sociais é A Raíña Vermella (@rainhavermella).

Forma parte do Movemento Galego de Saúde Mental, unha asociación que loita contra as políticas privatizadoras no noso ámbito e a favor dos dereitos das usuarias, e da Sociedade para o Avance do Pensamento Crítico (ARP), unha asociación que promove o escepticismo e o racionalismo.

#### Actividade:

Iria Veiga falou sobre o uso do galego no eido da sanidade, utilizando para isto diversas dinámicas de participación, fragmentos de películas ou vídeos dos que se puideron extraer situacións para debater, e tamén vivencias persoais, do alumnado e que puideron mover á reflexión.

### JAIONE CAMBORDA- 'O OFICIO DE CINEASTA'

Estuda Comunicación Audiovisual en Madrid, Dirección de Cine na Escola de Cine de

Praga (FAMU) e fai un posgrado de Dirección de Arte na Escola de Cine de Múnic (HFF).

Compaxina o seu traballo como directora con labores de guión, dirección de arte e produción executiva.

En 2011 funda a produtora Esnatu Zinema coa que forxa un recoñecido traballo como directora de pezas rodadas con material fílmico de corte experimental tales como Proba de Axilidade, Nimbos, Lilit ou Rapa das Bestas coas que é seleccionada en múltiples festivais internacionais. Ultimamente estreou a súa primeira longametraxe como directora: Arima

Actividade :

“O meu filme nace primeiro na miña cabeza, morre no papel, resucítano as persoas vivas e os obxectos reais que utilizo, que morren no celuloide pero que, colocados nunha certa orde e proxectados sobre unha pantalla, reanímense coma flores na auga.” (Robert Bresson en Notas sobre o cinematógrafo)

A conversa pretendeu achegarse, fundamentalmente, a unha definición do rol de directora ou director no cine, e amosou cal é a súa transcendencia nun filme. Indagaron nas súas funcións e na importancia do punto de vista da cineasta no proceso cinematográfico. Tamén abordaron a relación da directora cos demais departamentos creativos da produción. Desentrañaron o mundo interno dunha rodaxe e falouse do traballo co equipo. Todo isto acompañado de imaxes cinematográficas que ilustraron os contidos.